



INFORME SOBRE O PROXECTO DE ORDE POLA QUE SE APROBA A PROPOSTA DE ORDENANZA DE PROTECCIÓN CONTRA A CONTAMINACIÓN ACÚSTICA DE GALICIA.

En cumprimento do disposto no artigo 43.2 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, esta Secretaría Xeral Técnica emite o seguinte,

INFORME

1. Obxecto

Constitúe o obxecto da presente norma a aprobación da proposta de ordenanza de protección contra a contaminación acústica de Galicia, en desenvolvemento do Decreto 106/2015, do 9 de xullo, sobre contaminación acústica. A finalidade é proporcionar aos concellos unha proposta de ordenanza que poida ser voluntariamente asumida de xeito total ou parcial ou como marco referencial para a elaboración da ordenanza propia en cumprimento do artigo 6 da Lei 37/2003, do 17 de novembro, do ruído.

2. Marco normativo e competencial

Conforme co artigo 27.30 do Estatuto de autonomía de Galicia, a Comunidade Autónoma galega ostenta competencia exclusiva en materia de ordenación do territorio e do litoral, urbanismo e vivenda. Así mesmo, o artigo 30 dispón a competencia exclusiva en normas adicionais sobre protección do medio ambiente e da paisaxe nos termos do artigo 149.1.23 da Constitución Española.

A Lei 37/2003, do 17 de novembro, do ruído, no seu artigo 6 dispón que corresponde aos concellos a aplicación práctica da lexislación, se ben algúns deles non teñen a capacidade para abordar este mandato. É por iso que o Decreto 106/2015, do 9 de xullo, sobre contaminación acústica de Galicia, no seu artigo 9.2 establece que a consellería competente en materia de ambiente aprobará, mediante orde, unha proposta de ordenanza de protección contra a contaminación acústica, que poderá ser de aplicación nos concellos que así o acorden a través dos trámites previstos pola lexislación de réxime local.

O Decreto 167/2015, do 13 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, establece que esta consellería é o órgano da Administración da Comunidade Autónoma a que lle corresponden as competencias e funcións en materia de ambiente, ordenación do territorio e urbanismo e conservación da natureza, conforme o establecido no Estatuto de autonomía para Galicia, nos termos sinalados na Constitución española.

De conformidade co anterior a Xunta mediante esta orde cumpre o mandato establecido no Decreto 106/2015, a proposta da consellería competente en materia de medio ambiente en virtude das competencias outorgadas á mesma.

Polo demais, e no que fai competencia para a aprobación do proxecto sobre o que versa o presente informe, a mesma correspóndelle a Conselleira de Medio Ambiente, Ordenación do Territorio e Vivenda, de conformidade co artigo 38 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia, de acordo co disposto no artigo 34.5 da antedita lei e dos artigos 37, 38, 39 e 43 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración Xeral de do sector público autonómico de Galicia, e tendo en conta o disposto no artigo 1 do Decreto 167/2015, do 13 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio.



3. Estrutura do proxecto normativo

O proxecto de orde consta dun único artigo polo que se aproba a proposta de ordenanza, unha disposición derradeira relativa a súa entrada en vigor e a proposta de ordenanza contida no anexo.

A proposta consta de 26 artigos, catro disposicións adicionais, unha disposición transitoria, unha disposición derogatoria, dúas disposicións derradeiras e catro anexos.

4. Tramitación

O proxecto de orden tramítase de conformidade co disposto nos artigos 40 a 44 da Lei 16/2010, do 17 de decembro. No expediente conséntase que de acordo co disposto no artigo 41.2 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, o proxecto de orde acompáñase dos seguintes documentos, correspondentes a fase inicial da tramitación:

- Unha memoria xustificativa sobre a súa legalidade, acerto e oportunidade
- Unha memoria económica-financieira con estimacións dos costes que pida xerar e o seu financiamento
- Un informe da subdirección xeral de Réxime Xurídico, de Coordinación Administrativa e da Planificación

De conformidade co artigo 41.3 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, a aprobación inicial do anteproxecto como proxecto de orde pola persoa titula da entón Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio tivo lugar en data 1 de abril de 2016.

En cumprimento do artigo 41.4 da Lei 16/2010, do 17 de decembro e o artigo 9 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno publicouse no Portal de Transparencia e Goberno Aberto, constando certificado de publicación no dito portal de data 24 de novembro de 2016.

Na fase intermedia da tramitación, foi sometido aos seguintes trámites:

- *Trámite de audiencia e información pública:* O proxecto foi remitido para alegacións a todas as Secretarías Xerais Técnicas das Consellerías da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, así como a outras entidades que puidesen resultar interesadas.
O proxecto tamén foi sometido a información pública de acordo cos artigos 16 a 18 da Lei 27/2006, do 18 de xullo, pola que se regulan os dereitos de acceso á información, de participación pública e de acceso á xustiza en materia de ambiente. O anuncio publicouse no Diario Oficial de Galicia o 4 de maio do 2016.
Consta no expediente a xustificación do tratamento das alegacións recibidas, asinadas pola subdirectora xeral de Meteoroloxía e Cambio Climático, de data 9 de novembro de 2016.
- *Informe e ditames:* Durante a tramitación pronunciáronse sobre o proxecto os seguintes órganos:
 - Informe de impacto de xénero da Secretaría Xeral de Igualdade de data 25 de novembro de 2016
 - Informe da Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa de data 12 de decembro de 2016
 - Informe de sostibilidade financeira da Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos de data 20 de decembro de 2016



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,
TERRITORIO E VIVENDA
Secretaría Xeral Técnica

San Lázaro, s/n
15781 SANTIAGO DE
COMPOSTELA



Na fase final da tramitación, o expediente remítese ao preceptivo informe da Asesoría Xurídica da Xunta de Galicia, emitíndose o informe en data 21 de xuño de 2018

En cumprimento do disposto no artigo 43.3 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, o proxecto someterase a aprobación da persoa titular da Consellería de Medio ambiente, Territorio e Vivenda.

De conformidade co exposto, esta Secretaría Xeral Técnica informa favorablemente o proxecto de orde polo que se aproba a proposta de ordenanza de protección contra a contaminación acústica de Galicia

Santiago de Compostela, 10 de decembro de 2018

A secretaria xeral técnica

Carmen Bouso Montero



